

LOVING VINCENT

[Dorota Kobiela, Hugh Welchman, 2017]

327

ESTREA EN NUMAX: 12.01.2018 | V.O.S.E. | +12

Loving Vincent (2017, 95')

Dirección: Dorota Kobiela, Hugh Welchman

Guión: Dorota Kobiela, Hugh Welchman, Jacek Dehnel

Voces: Douglas Booth, Helen McCrory, Saoirse Ronan, Aidan

Turner, Eleanor Tomlinson, Chris O'Dowd, Jerome Flynn

Son: Clive Copland

Montaxe: Dorota Kobiela, Justyna Wierszynska

Vestuario: Dorota Roqueplo

Animación: Tristan Oliver, Lukasz Zal

Dirección de arte: Daniela Faggio, Luke Gledsdale

Música: Clint Mansell

Produtoras: Centrum Technologii Audiowizualnych, Polski

Institut Sztuki Filmowej (Polonia), BreakThru Productions,

Trademark Films, Silver Reel, Odra Film (Reino Unido)

Distribuidora: Karma Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.33:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

DE DOROTA KUBIELA

Little Postman 2011 [curtametraxe]

La máquina voladora, 2011 [con Martin Clapp e Geoff Lindsey]

PREMIOS E FESTIVAIS

Globos de Ouro 2017 (Nomeado a mellor filme de animación), Premios do Cinema Europeo 2017 (Mellor longametraxe de animación), Annie 2017 (Nomeado a mellor filme independente, guión e música), Annecy 2017 (Premio do público), Satellite Awards 2017 (Mellor longametraxe de animación)

SINOPSE

O mozo Armand recibe unha carta de seu pai, o carteiro Joseph Roulin, para entregala en man en París ao irmán do seu amigo Vincent Van Gogh. Pero en París non hai rastro de Theo, do que contan que morreu pouco tempo despois de que o seu irmán Vincent se quitara a vida. Así comeza *Loving Vincent*, a primeira película realizada ao óleo da historia do cinema. A través de máis de 65.000 fotogramas animados, pintados a man por artistas de todo o mundo, a película dá vida aos cadros de Van Gogh percorrendo a misteriosa vida do pintor a través das cartas que con frecuencia escribía aos seu irmán pequeno Theo.

«Primoroso traballo de animación, insólito na historia do cinema»

Mirito Torreiro, FOTOGRAMAS

Filme subtitulado ao galego por NUMAX grazas á colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.



«Este proxecto fíxose por puro amor a Van Gogh»

Entrevista con Dorota Kobiela

Como xurdiu a idea de facer *Loving Vincent*? Decidín que quería unir as miñas dúas paixóns, a pintura e o cinema, e facer unha película pintada. Tiña trinta anos cando pensei en *Loving Vincent*, a mesma idade que tiña Van Gogh cando comezou a pintar. Máis cós seus cadros, que me encantan, foi o tipo de vida que tiveo que verdadeiramente me inspirou. Loitei contra a depresión toda a miña vida así que me inspiraba a afouteza de Van Gogh para se recuperar de situacións similares na súa vida con tan só vinte anos e atopando, a través da pintura, un xeito de traer beleza ao mundo. As súas cartas axudáronme moito nun momento baixo da miña vida e animáronme a facer este filme.

Por que decidiches facer unha longa no lugar da curta orixinalmente planeada? Cando Hugh Welchman tivo que facer unha cola de máis de tres horas para entrar nunha exposición de Van Gogh convenceume de que, cando menos, debíamos mirar a maneira de que o filme funcionase como longametraxe. Decidín que sería posíbel se fixeramos unha serie de entrevistas sobre os cadros de Van Gogh xunto con transicións animadas que pintariamos a partir dos cadros de paisaxes do pintor. Así que

comecei a escribir o guión nesa dirección e creei unha caste de tráiler do que tiña en mente. A reacción acadada por ese tráiler deume confianza para pensar que funcionaría co público.

Como elixiches a parte da vida de Van Gogh na que te centrarías? Escribín moitas historias: algunhas baseadas na súa vida, outras partindo de cadros concretos, historias da súa época en Holanda e de cando viviu nos barrios bohemios de París. Mais o primeiro guión real que xurdiu centrábase nos últimos días da súa vida. Ademais os cadros daquela época gustábanme especialmente e o feito de que pintase a xente coa que tiña un contacto regular ao remate da súa vida tamén me atraía: o doutor Gachet, a súa misteriosa filla Marguerite Gachet á que pintou tres veces e a filla do dono da pousada na que Van Gogh morreu, Adeline Ravoux.

Por que decidiches incluír as escenas de flashback en branco e negro? Había dúas razóns principais. En primeiro lugar pensamos que sería de máis para o espectador ter en pantalla a cor intensa característica das pinturas de Van Gogh ao longo de 90 minutos. O feito de estruturar o filme con moitos flashbacks significaba que podíamos introducir estilos moi diferentes en cada unha das seccións. En segundo lugar, non queríamos introducir cadros de Van Gogh que realmente non existían. A meirande parte dos flashbacks refírense a intres da súa propia vida que non pintou polo que se non o faciamos no mesmo estilo estaríamos a facer un exer-

cicio de imaxinación de como sería se el tivese pintado esas escenas, o que criamos que era afastarnos moito do seu traballo. A razón pola que eliximos o branco e negro foi porque moitas das nosas pesquisas nos levaron a fontes como por exemplo fotografías da época e toda esta documentación inspirounos para os flashbacks.

Por que o título, *Loving Vincent*? Varias son as razóns. Este proxecto fíxose por puro amor. Traballei nel sete anos a tempo completo. O meu amor cara ao traballo de Van Gogh, as súas cartas e o meu respecto á súa loita na vida fíxome saír adiante durante estes sete anos. E non era só eu a que tiña que amar a Vincent Van Gogh. O noso equipo de artistas tiña que pintar os máis de 65.000 fotogramas ao óleo, tardando até dez días en pintar un segundo de película. Isto require moito compromiso e respecto polo seu traballo. En terceiro lugar é unha referencia á forma de asinar as cartas que escribía ao seu irmán (sempre se despedía cun «Your Loving Vincent»). E o máis importante se cadra: a cantidade de xente que hai en todo o mundo que verdadeiramente ama a Vincent Van Gogh foi o motivo principal para nos arriscar a facer o primeiro filme da historia completamente pintado. Agardo que esta película anime á xente a descubrir este pintor, a ler as súas cartas e ver os seus cadros en vivo. E sobre todo, encantaríame que todo o mundo fose capaz de amar a Van Gogh.

Publicado en <https://karmafilms.es/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

- Cartas a Theo, Vincent Van Gogh.* Alianza, 2012
- Un cuadro de Van Gogh, Claire d'Harcourt.* Factoría K de Libros, 2013
- Paul Gauguin - Vincent Van Gogh. Cartas 1888-1890.* La Micro, 2015
- Van Gogh el suicidado por la sociedad, Antonin Artaud.* Argonauta, 2015
- Vincent, Barbara Stok.* Salamandra, 2017
- Vincent Van Gogh: Vida y obra, Uwe M. Schneede.* Alianza, 2012
- Vincent Van Gogh. Une biographie, Frédéric Pajak.* Les Éditions Noir sur Blanc, 2017
- Van Gogh, Maurice Pialat.* A Contracorriente [DVD]
- El loco del pelo rojo, Vincente Minnelli.* Warner [DVD]

NUMAX

www.numax.org

Abónate e ven sempre por 4,5€

Faite NUMAX!